Memoria de Actividades 2020

Fundación Menela
rede de servizos para o autismo e a dependencia

Índice

4 Presentación

6 Fundación Menela

16 Outras Entidades da Rede Menela

Castro Navás S.L

Fundación Tutelar Camiño do Miño

Asociación de Familias

20 Servizos da Rede Menela

Servizo de Valoración e Diagnóstico

Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral

Centro Educación Especial Menela

Centro de Día e Residencial Castro Navás

44 Outros Servizos da Rede Menela

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

Xestión do Coñecemento

Formación e Desenvolvemento

Acción Voluntaria

54 Sensibilización Social e Visibilidade

60 Comunicación e Difusión

68 Indicadores de Desempeño

79 Colaboradores, Financiadores e Provedores

Presentación 2020

O ano 2020 veu marcado pola crise mundial orixinada pola COVID-19. A situación que vivimos e que estamos a vivir non é fácil de entender para ninguén, menos aínda para as persoas coas que nós traballamos, persoas con Trastorno do Espectro do Autismo que, dun día para outro e sen anticipación, se atoparon cunha ruptura total nas súas vidas.

A pesar desta realidade tan complicada, de moita incerteza e medos, o equipo de profesionais de Fundación Menela esforzouse para acompañar, mimar e apoiar ás persoas con Autismo e as súas familias. Non podemos esquecer a dureza e o desgaste emocional dese momento, mención especial merece o seu traballo, o seu compromiso, dedicación, sensibilidade e responsabilidade social.

A emerxencia da situación precipitou cambios nos modos de intervención nos servizos da Rede Menela e xestión da entidade. Desde a declaración do estado de alarma, reorganízanse os servizos e créanse espazos telemáticos para dar continuidade as intervencións, especialmente nos Servizos de Atención Temperá e Atención Integral, Centro Menela e Centro de Día Castro Navás. O Centro Residencial Castro Navás vive unha realidade diferente. A necesidade de establecer unidades de convivencia implica unha limitación na relación cos profesionais de referencia, compañeiros e obradoiros de traballo, ao que se suma, a limitación do contacto coas súas familias (confinamentos periódicos). Sen dúbida, o apoio do equipo neste momento foi fundamental, realizándose máis reunións das habituais e as ferramentas tecnolóxicas axudáronnos a manternos máis cerca, o que supuxo unha axuda para afrontar a situación que vivimos a nivel individual, grupal e como entidade.

Non queremos deixar de recordar na presentación desta memoria a Remedios Parga García (1928-2020). En palabras da nosa companheira Ana Rodríguez, profesora do CEE Menela, “A vida ten o seu desenlace natural e un final obrigatorio. Remedios, foise nestes tempos de resignación e medo, de sorrisos dentro das máscaras. Unha muller “moi humana”, diferente da gran mayoría. Unha muller singular, excelente, sinxela, modesta, tímida ao tempo que apaixonada e xenerosa, chea de capacidade para os afectos, o traballo, a alegría, o valor, a responsablidade… e, sobre todo, a ética, hoxe tan nomeada como factor esencial para a calidade dos servizos. Remedios, sempre puxo os seus ollos e ouvidos para escoitar o sufrimento no silencio estrondoso de moitas persoas con Autismo. Sempre puxo a súa inmensa capacidade de amar ao servizo de Menela e da súa familia, a que sempre defendeu, protexeu e quixo como se fose a súa”. Aquí o nosso agarisomo recordo.

A todas as persoas que acompañastedes á Fundación Menela nesta vivencia, gracias.

Fundación Menela

Fundación Menela

Fundación Menela é unha entidade galega de iniciativa social sen ánimo de lucro que, desde 1989, xestiona servizos para a mellora da calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e as súas familias.

Clasificada como **Benéfico - Asistencial** e de **Interese Galego**, figura rexistrada como entidade prestadora de Servizos Sociais e recoñecida como entidade de Acción Voluntaria. Pertence como socio de número á CAE e FAG.

A **Rede de Centros e Servizos para o Autismo e a Dependencia** da Fundación Menela está constituída ademais polas entidades **Castro Navás SL**, empresa de inserción laboral para persoas con TEA que nace en 1998, e a **Fundación Tutelar "Camiño do Miño"**, organización fundada en 2006.

PROPOSTA DE VALOR

Fundación Menela asume o compromiso de prestar servizos especializados e diferenciados de calidade baseados na mellora continua e nunha aposta pola innovación, có obxectivo de satisfacer as necesidades e benestar de usuarios e familias.

Misión

Contribuír á mellora da calidade de vida das persoas con TEA e defender a súa dignidade como cidadáns, dando resposta ás necesidades específicas de apoio ao longo de todo o seu ciclo vital.

Visión

Ser un referente na atención a persoas con TEA en Galicia, e ampliar o alcance dos seus servizos a outras formas de dependencia, sólidamente relacionados con outras entidades do sector no ámbito internacional.

Valores

O compromiso coa mellora continua, a transparencia, a confianza, a honestidade e ética, o traballo de calidade, o respecto mutuo e a paixón polo saber, son os valores nos que cree e defende, representando o sinal de identidade da fundación.

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Transparencia

Fundación Menela traballa firmemente para asegurar o bo funcionamento organizativo mediante un estrito control de xestión en toda a institución e para poñer a disposición de todos os grupos de interese información fiable, contrastada, sistematizada e actualizada da entidade, e que sexa reflexo do resultado das nosas actuacións. Na páxina web da entidade (menela.gal), os interesados teñen acceso á documentación e información mais relevante respecto ás nosas actividades e ao destino que damos aos fondos que recibimos.

Ética

Procurar a calidade de vida das persoas con TEA significa proporcionar os apoios para que a persoa medre e desenvolva as súas capacidades. É unha tarefa centrada na persoa, non nos intereses profesionais ou institucionais, por moi lexítimos que éstos poidan presentarse.

Na Fundación traballamos a prol do recoñecemento das persoas con TEA como suxeitos de dignidade có referente nos principios e obrigas establecidas na Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU. Con ese fin, os profesionais da Rede Menela dispoñen dun **Código Ético** (2015), en cuxa elaboración participaron directamente todos os profesionais, que establece as pautas que guían o comportamento ético dos seus membros na súa práctica diaria.

Calidade

Fundación Menela e Castro Navás S.L tiveron en 2020 a Auditoría de Seguimento do Sistema de Xestión de Calidade e o Sistema de Xestión de Centros Residenciais, realizada por AENOR, baixo os requisitos da norma **UNE-EN ISO 9001:2015** do sistema de xestión de calidade e **UNE-EN ISO 158101:2015,** respectivamente.

O SXC en Fundación Menela segue avanzando na mellora continua. Na auditoría destaca o traballo feito polo equipo de calidade na elaboración de fichas dentro dos procesos do sistema, no que se detalla a información máis relevante de cada un dos indicadores, permitíndonos analízalo dun xeito máis áxil e visual. Outro punto a destacar é a formación recibida polos traballadores no ano 2020, moi por enriba do planificado inicialmente. Outro dato relevante foi o enorme aumento de reunións de equipo no centro de día e residencial para informar cunha periodicidade casi diaria da evolución da pandemia e das medidas adoptadas. Por último, salientar o excelente traballo, tamén a nivel de calidade, do equipo de enfermaría, que un ano máis demostra o excelente seguimento realizado na área da saúde no Centro Castro Navás.

Para dar cumprimento aos seus obxectivos, a Fundación Menela conta cós seguintes Centros:

Servizos Administrativos Centrais

Rúa Marqués de Alcedo, 19 I 36203 Vigo

Tel. 902 502 508

fundacion@menela.gal

Contacto: José Manuel Varela Rodríguez, Director Xerente

Centro de Recursos Edificio CAMI

Rúa Laxe, 3 I 36202 Vigo

Tel. 986 222 023

edificiocami@menela.gal

Contacto:

Macarena Blanco Delgado, Coordinadora SAI

Mercedes López Francisco, Traballadora Social

Centro de Educación Especial Menela

Camiño da Veiguiña, 15 I 36212 Vigo

Tel. 986 240 703

ceemenela@menela.gal

Contacto: Amparo Maquieira Prieto, Directora

Centro de Día e Residencial Castro Navás

Rúa Navás, 11 I 36391 Priegue - Nigrán

Tel. 986 365 558

castronavas@menela.gal

Contacto:

Pilar Pardo Cambra, Directora Centro Castro Navás

Sonia Álvarez Pérez, Responsable Residencia

Órganos de Goberno

CONSELLO DO PADROADO

O Consello do Padroado, máximo órgano de goberno, ten funcións de representación, disposición e xestión da entidade. Na súa composición figuran patróns fundadores, familiares de usuarios e outros profesionais relevantes, especialmente sensibles cós fins da Fundación Menela.

Composición do Consello do Padroado da Fundación Menela:

Presidente:	D. Pedro Fernández Puentes (membro fundador)
Vicepresidente:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas (membro fundador)
Secretario:	D. Jose Manuel Varela Rodríguez (non patrono)
Vogais:	D. Jorge Sors Pérez
	D. Carlos Varela García
	Dª. María Isabel González Quiroga
	D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez
	Dª. Julia Jiménez Fernández
	D. Marcos Fernández Álvarez-Santullano
	D. Luís Ángel Fernández Barrio
	D. Martín Jiménez Fernández

En xuño de 2020 prodúcese a baixa, por falecemento, de Dª Remedios Parga García, membro fundador. A finais de ano incorpórase ao Consello do Padroado, D. Martín Jiménez Fernández

DIRECCIÓN EXECUTIVA

Director Xeral

A Dirección Xeral constitúe o órgano executivo da entidade. A súa misión é garantir o cumprimento das decisións adoptadas polo Consello do Padroado na operativa diaria de xestión contando, nesta tarefa, có apoio dos equipos executivo e de dirección.

O Director Xeral da Fundación Menela é **D. Cipriano Luís Jiménez Casas.**

Comité Executivo

Director Xeral: D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Director Xerente: D. José Manuel Varela Rodríguez
Coordinadora Centros: Dª Paula Estévez Salazar

ÓRGANOS DE ASESORAMENTO Á DIRECCIÓN

Equipo Técnico de Dirección

O Equipo Técnico de Dirección ten como misión asesorar e apoiar á Dirección Xeral no exercicio das súas funcións, participando no deseño de políticas de actuación que afectan ao conxunto da entidade, así como servir de canle de comunicación entre os diferentes centros e servizos da Fundación Menela.

Director Xeral:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Director Xerente:	D. José Manuel Varela Rodríguez
Coordinación Centros:	Dª Paula Estévez Salazar
Área Psicosocial:	Dª Pilar Pardo Cambra
Área de Familias:	Dª Mercedes López Francisco
Área Diagnóstico e SAI:	Dª Macarena Blanco Delgado
Área Educativa:	Dª Mª Amparo Maquieira Prieto
Área Residencial:	Dª Sonia Álvarez Pérez
Área Económica:	Dª Ana Rodríguez González

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO DO CENTRO MENELA

Consello Escolar

Directora

Dna. Amparo Maquieira Prieto

Representantes Titular:

D. Cipriano Luís Jiménez Casas
D. José Manuel Varela Rodríguez
Dna. Mercedes López Francisco

Representantes Profesorado:

Dna. Mª Antonia Paz Jiménez
Dna. Amanda Lago Cabaleiro
Dna. Susana Rodríguez Blanco

Representación Familias:

Dna. Mónica López Camba
Dna. Adela Alonso González
Dna. Tania Vázquez Orge

Actividade Institucional e Representación

Defendemos os dereitos das persoas con TEA e as súas familias xenerando alianzas coas entidades do Terceiro Sector de Acción Social, coa Administración Pública, representantes políticos e outras organizacións, e traballamos para lograr unha maior converxencia asociativa participando en grupos de traballo có resto de organizacións do movemento asociativo do Autismo, da discapacidade e do Terceiro Sector.

REUNIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO

O 14 de decembro de 2020 o **Consello do Padroado** mantivo unha reunión a través de vídeoconferencia na que se aprobaron as contas anuais, a memoria de actividades 2019, os presupostos e o Plan de Acción para 2021. En sesión extraordinaria apróbase por unanimidade a incorporación de D. Martín Jiménez Fernández, como vogal, ao Consello do Padroado.

En 2020 mantivéronse as reunións de **Comité Executivo** e de **Equipo Técnico de Dirección.** Neste periodo mantivéronse reunións semanais coa **Dirección do Centro Castro Navás.** O **Consello Escolar** e **Claustro de Profesores** de Menela mantiveron as reunións trimestrais establecidas. Todas estas realizáronse a través de vídeoconferencia. O 2 de xuño mantívose unha reunión coa **Xunta Directiva da Asociación de Familias de Castro Navás.**

PARTICIPACIÓN EN REDES DE TRABALLO

Federación Autismo Galicia

O Director Xeral e o Director Xerente da Fundación Menela mantiveron, respectivamente, os cargos de membro do Comité Asesor e Tesoreiro da **Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia**. Ambos participaron nas reunións de Xunta Directiva e Asambleas Xerais durante o exercicio a través de videoconferencia.

Fundación Menela incorpórase á HUB Comisión de Comunicación. En 2020 mantense a primeira reunión da comisión liderada pola FAG, unha comisión que xurde ante a necesidade de coordinar e fortalecer as campañas do colectivo e todas aquelas accións de incidencia e repercusión social.

Confederación Autismo España

- Grupos de Traballo do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo

Desde fai cinco anos, Fundación Menela forma parte deste grupo que ten como obxectivo facilitar o traballo conxunto ao redor da celebración do DMCA, e planificar e coordinar as diferentes accións da campaña promovida por Autismo Europa. Todos os anos mantéñense varias reunións por videoconferencia previas ao DMCA.

- Proxectos de Investigación

Participamos nos proxectos de investigación "Sistema de Información Sociodemográfica sobre o TEA en España" e "Mulleres e nenas con TEA"

- Comisión de Emprego e Inclusión Laboral

Membros da Comisión desde 2014 seguimos traballando para mellorar o coñecemento sobre a situación das persoas con TEA en idade activa, e achegar ideas forza sobre como xerar, manter e promocionar o emprego.

- Comisión de Educación.

No seo desta Comisión realizáronse aportacións para elaborar o posicionamento de Autismo España sobre a Educación de Calidade para o alumnado con TEA.

Centro Español do Autismo

Neste ano continuou o traballo de aportacións de contidos e aplicación de programas no marco do proxecto de **Educación Permanente de persoas adultas con TEA** promovido polo Centro Español do Autismo. O 15 de febreiro mantense a reunión presencial no Centro Castro Navás para establecer as lineas de actuación conxunta no desenvolvemento do Proxecto de Educación de Adultos.

Outras Entidades da Rede Menela

Castro Navás S.L

Fundación Tutelar Camiño do Miño

Asociación de Familias

Castro Navás S.L

O ano 2020 exixiu compaxinar a continuidade da actividade laboral da empresa Castro Navás S.L coas medidas encamiñadas a garantir a seguridade e saúde das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo. A declaración do estado de alarma, no mes de marzo, limitou a actividade da empresa á prestación do Servizo de Lavandería para o Centro Residencial Castro Navás, e Servizo de Fisioterapia. O Plan para a transición hacia unha nova normalidade trouxo consigo, a partir do mes de xuño, a reactivación progresiva das restantes áreas de actividade.

Datos máis relevantes deste ano 2020:

A **Lavandería Industrial** inclúe só ao Centro Residencial Castro Navás dentro da súa carteira de clientes. Neste período mantén a certificación baixo a norma de calidade ISO 9001:2015 outorgada por AENOR.

O obradoiro de **Conservas e Marmeladas** có Nº de Rexistro Sanitario: 21.17437/PO suspende as atividades de comercialización cos clientes. No ano 2020 a facturación ascendeu a **725 unidades en presentacións de 40, 100 e 225 gr**.

Desde 2012 mantense a colaboración coa empresa **Embalajes Armando SLU**, para desenvolver un proxecto formativo e de emprego con apoio centrado na elaboración de tapas para as caixas de mariscos e moluscos. En 2020 elaboráronse **4.443 tapas**.

O esforzo por continuar coa actividade laboral e o desenvolvemento de competencias implicou resultados positivos nas áreas **agropecuaria** e de elaboración de **produtos de agasallo**.

Fundación Tutelar “Camiño do Miño”

A Fundación Tutelar nace por un acordo do Padroado da Fundación Menela do 25 de novembro de 2006 coa misión de “Proporcionar protección e garantía efectiva dos dereitos dos seus tutelados para acadar a súa integración plena na sociedade e a súa óptima calidade de vida, promovendo a pluralidade e o respecto á diferenza”.

Con domicilio social na rúa Xoanelo, 2 baixo (Vigo), a Fundación Tutelar “Camiño do Miño” está clasificada como Fundación de Interese Social por Orde da Xunta de Galicia do 5/06/2007 e declarada de Interese Galego por Orde do 14/08/2007.

O **Consello do seu Padroado** está composto por:

Presidenta:	Dª Isabel González Quiroga
Secretario:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Vogais:	D. José Manuel Varela Rodríguez
	D. Luís Angel Fernández Barrio

Durante o ano 2020 a acción da Fundación Tutelar Camiño do Miño estivo centrada na xestión dos intereses do seu tutelado así como a atención das consultas que lle foron plantexadas por distintas familias de persoas usuarias da Rede Menela.

Asociacións de Familias

As asociacións de familias do Centro Menela e Castro Navás participan na vida dos centros colaborando na financiación de actividades sociais, inclusivas, deportivas, actividades culturais e educativas que se realizan na contorna comunitaria de Vigo e a súa área metropolitana. Có mesmo compromiso e dedicación apoian as actividades que organiza a Fundación Menela para visibilizar o traballo da entidade e defender os dereitos das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo.

Os Equipos de Dirección das asociacións de familias dos Centros da Rede Menela están formados por:

ANPA Centro Menela:

Presidenta: Dna. Mónica López

Vpdta: Dna. Bárbara M. Vázquez

Secretaria: Dna. Tania Vázquez

Tesoureira: Dna. Mª Paz Alonso

Vogal: Dna. Virgen Pérez

Asociación Familias Castro Navás:

Presidente: D. Eloy Alonso

Secretaria: Dna. Esperanza Martínez

Tesoureira: Dna. Josefa Gómez

Vogais: D. Benito González

Dna. Victoria Cueto

Dna. Mª Carmen Pereira

D. Luís Santiago González

Servizos da Rede Menela

Servizo de Valoración e Diagnóstico

Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral

Centro Educación Especial Menela

Centro de Día e Residencial Castro Navás

Valoración, Diagnóstico e Orientación

Especializado na valoración, diagnóstico e orientación de persoas con TEA, este servizo realiza valoracións e diagnósticos mediante a aplicación de probas específicas seguindo as Boas Prácticas recoñecidas sobre diagnóstico e detección do Autismo (Grupo GETEA. Instituto de Salud Carlos III).

O Servizo de Valoración e Diagnóstico atende a toda persoa que manifeste síntomas ou sospeitas de TEA (sinais de alerta, programa de cribado con resultado positivo, grupo de risco), realizando revisións e seguimento de casos derivados do sistema sanitario, sistema educativo, servizos socias ou das propias familias. Tralo diagnóstico facilítase un axeitado asesoramento de servizos de intervención ou apoio en función das necesidades individuais e/ou familiares.



O Servizo de Diagnóstico figura desde o ano 2014 inscrito no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255.

O Servizo de Valoración e Diagnóstico está composto por dúas psicólogas sanitarias con amplia experiencia e acreditación oficial para aplicar probas de *screening* e diagnósticas.

Durante o ano 2020 o Servizo de Diagnóstico emitiu **19 VALORACIÓNS DIAGNÓSTICAS**

Das valoracións realizadas a dezaseis se lles aplica o diagnóstico de Trastorno do Espectro Autista. As tres restantes non cumpren os criterios diagnósticos establecidos no DSM-V para o TEA.

NIVEIS DE GRAVIDADE DO TEA

A continuación recóllense os especificadores de gravidade nas áreas do desenvolvemento alteradas no TEA: comunicación social e comportamentos restrinxidos e repetitivos, determinadas nas valoracións diagnósticas.



IDADES







O Servizo de Diagnóstico veu afectada a súa actividade pola pandemia. Desde a declaración do estado de alarma e ata o mes de xuño suspéndense todas as actividades vinculadas a realización de diagnósticos. Pechamos o exercicio observando unha diminución nos casos derivados por especialistas, en concreto da área sanitaria e educativo, pola suspensión da atención presencial.

Atención Temperá e Apoio Integral

O Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral diríxese a nenos e nenas de 0 a 6 anos (Atención Temperá) e de 6 en diante (Apoio Integral), as súas familias e a súa contorna, co obxectivo de dar resposta ás necesidades transitorias e permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou que están en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Fundación Menela ten dados de alta, dentro dos Servicios de Promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais: Servizo de Atención Temperá (de 0 a 6 anos), Atención Psicomotriz (a partir de 6 anos), Estimulación Cognitiva e Sensorial (a partir de 6 anos) e o Servizo de Logopedia (a partir de 6 anos)

O Servizo de Psicoloxía en Centro Atención Temperá figura desde o ano 2014 inscrito no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255, e coma servizo forma parte da Asociación Galega de Atención Temperá.

Especializado na intervención con nenos e nenas con TEA, ao peche do exercicio, o servizo está composto por un **equipo interdisciplinar** formado por 4 psicólogas sanitarias, 1 psicólogo de atención temperá, 1 psicopedagoga e 1 logopeda. Todos eles con amplia experiencia na atención e tratamento do TEA.

Por mor da COVID -19 vense diminuídas as demandas do servizo no Concello de Ponteareas, motivo polo que en xuño de 2020 se decide non renovar a colaboración có Concello. As familias que acudían ao servizo continuaron a relación coa Fundación Menela desprazándose ao Edificio CAMI en Vigo para recibir as sesións.

128 PERSOAS CON TEA recibiron atención e tratamento no servizo de Atención Temperá e Apoio Integral

De todos eles, 35 foron novos casos producíndose, ao longo de 2020, 18 baixas no Servizo.

IDADE



INDICADORES DE ACTIVIDADE



Manter o traballo terapéutico e as rutinas é clave para o benestar dos nenos e nenas con TEA motivo polo que, ante a declaración do estado de alarma, reorganízase o Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral para facilitar todos os medios e dar **continuidade as sesións vía online**. O cambio de perspectiva supuxo unha oportunidade e, a pesar dos medos iniciais, enseguida comezou a observar resultados positivos.

Unha relación familia – terapeuta baseada na confianza, o respecto e a colaboración foi clave. As familias situáronse como axentes activos da intervención con seus fillos e fillas, e os terapeutas facilitaron os apoios para traballar diferentes aprendizaxes no contexto familiar.

SESIÓNS DURANTE A PANDEMIA



A actividade do servizo reanúdase no mes de setembro suxeita a importantes medidas organizativas, de prevención e hixiene. Nesta situación de “nova normalidade” as intervencións realizánse de forma presencial, manténdose a modalidade virtual a solicitude dalgunhas familias.

Ata final de ano, no centro non se permiten as intervencións en pequeno grupo nin en contexto natural, e os contactos cos docentes e orientadores dos centros educativos, así como con outros profesionais de referencia, realízanse a través de teléfono, correo electrónico ou video conferencia.

En 2020 o **CLUBE DE XADREZ MENELA** tamén tivo que suspender os seus entrenamentos e competicións. Neste ano so podemos recordar que o sábado 1 de febreiro o Clube de Xadrez Menela debutaba na liga de Xadrez de Vigo. Este día tivo lugar o primeiro encontro de liga para o noso Clube nas instacións do Edificio CAMI. Nesta ocasión enfrentouse ao CVC Valladares cun resultado de 2-2

menela
xadrez

PROXECTO DE EMPREGO PARA PERSOAS CON SÍNDROME DE ASPERGER

No último trimestre do ano Fundación Menela forma a 5 mozos na actividade profesional de **Atención ao Público** grazas a 'Uno a Uno', iniciativa de mellora da empregabilidade da Fundación ONCE.

Tras superar a fase de formación teórica, á que se dedicaron un total de 203 horas e que estivo centrada na promoción de habilidades de autonomía persoal, sociais e específicas do posto de traballo, trasladáronse aos entornos laborais para poñer en práctica os coñecementos adquiridos, nos que estiveron 141 horas. As Estacións de Servizo “Repsol Praza de España”, a “Gasolineira Shell Avenida de Madrid e a tenda de videoxogos Replay Games, convertíronse nos entornos laborais de referencia.

O programa formativo contempla as necesidades e apoios que precisan as persoas con Síndrome de Asperxer para acceder ao mercado laboral, proporcionando coñecemento técnico e experiencia práctica.

O programa, que finalizou en febreiro de 2021, demostrou que as persoas con Síndrome de Asperxer poden aprender, **poden e deben traballar**, aportando valor a súa empresa e rompendo cos prexuízos que ten boa parte do tecido empresarial.

Gabriel, Marcos, Iván, David e Fabián son os cinco vinteañeiros que participaron nesta experiencia. Desde o principio, todos eles, transmitiron a importancia que o emprego ten nas súas vidas, os medos para encontralo, as súas ganas de traballar e a constancia na búsqueda de oportunidades para afrontar a vida adulta con independencia e autonomía.

Esta iniciativa está subvencionada a través da Convocatoria de Axudas Económicas para o Reforzo da Empregabilidade de Persoas Novas con Discapacidade **"Uno a uno" – POEJ – Ano 2020** da Fundación ONCE, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020 cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Proyecto de Empleo para personas con TEA

Programas formativos: Atención ao Cliente

Dúas especialidades

- Operario dispensadores en gasolineiras

- Dependiente en tenda de videoxogos

Periodo de Execución: **Do 13/10/2020 ao 11/02/2021**

Horas Totais: **344 horas**

Formación Teórica: 203

Formación Posto de Traballo: 141

Beneficiarios: **5 persoas con TEA.**

Empresas para a realización de prácticas:

AUTOSERVICIOS VELAY SL

PLAZA DE ESPAÑA ESTACION DE SERVICIO SL

REPLAY GAMES

Unión Europea
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Empleo Juvenil
El FSE invierte en tu futuro

Fundación ONCE

Educación

O Centro de Educación Especial Menela escolariza a nenos e nenas en idade escolar (de 3 ata 21 anos), con diagnóstico de Trastorno do Espectro do Autismo e discapacidade intelectual asociada.

Concertado coa **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** da Xunta de Galicia desde o ano 1986, a súa acción educativa básase na comprensión da persoa con autismo e dar axeitados niveis de apoio centrados na comunicación, a conduta, xogo, a adaptación e estruturación do entorno, a orientación ás familias, etc. favorecendo o seu obxectivo preferente, que é asegurar a maior calidade de vida posible dos seus alumnos e as súas familias.

No curso 2019/20 matriculáronse **32 alumnos/as**

IDADE DOS ALUMNOS



ESCOLARIZACIÓN CEE E COMBINADA



Centros Escolarización Combinada:

CEIP San Roque de Darbo (Vigo)

CEIP Celso Emilio Ferreriro (Vigo)

CEIP Escultor Acuña (Vigo)

CEIP Da Cruz (Nigrán)

Coa declaración do estado de alarma interrómpese a actividade educativa presencial no Colexio Menela. Neste momento, e có obxectivo de minimizar o impacto negativo da suspensión dos apoios presenciais, o equipo educativo continuou traballando desde as súas casas para deseñar e facilitar materiais e recursos adaptados a cada un dos alumnos e as súas familias, coas que se mantiveron unha media de duas e tres titorías por semana. O blog da Fundación Menela convertiuse nun importante recurso de apoio para todos eles. Tamén se realizaron e coordinaron vídeoconferencias para favorecer encontros entre o alumnado e profesorado.

Neste período destaca o esforzo de adaptación de todo o noso alumnado; non podemos esquecer que moito do rendemento pasa pola relación de confianza que se establece có mestre, un ambiente estruturado que favorece a estabilidade emocional, e a dificultade para xeneralizar aprendizaxes.

A volta ao curso no mes de setembro veu acompañada polo Plan de adaptación a situación Covid-19 no curso 2020/21 que foi elaborado para dar resposta as demandas do “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21” da Consellería de Educación de Galicia.

Neste curso mantivéronse as actividades do centro respectando as medidas organizativas e protección individual indicadas polas autoridades competentes, limitándose as atividades de proxección social.

Os alumnos con Autismo nos sitúan, ano tras ano, ante o compromiso como docentes de guiar o seu desenvolvemento cara unha vida plena. No CEE Menela, o currículum afástase das áreas educativas tradicionais para incidir no desenvolvemento das *10 habilidades adaptativas* que inflúen de forma relevante na calidade de vida da persoa: habilidades de comunicación, autodirección, relación persoal, saúde e seguridade, coidado persoal, lecer, vida no fogar, uso da comunidade, traballo académico e habilidades funcionais.

En base a nosa experiencia facilitamos *apoios específicos* que axudan ao noso alumnado a dar sentido ao mundo e a súa vida, a través dunha metodoloxía baseada nos *SAAC*, *habilidades adaptativas*, *estrutura ambiental* (física-temporal), programas de desenvolvemento de *habilidades mentalistas* e *comprensión de emocións*.

Suxeitos a unha nova organización de Centro, mais ríxida respecto aos agrupamentos e contatos sociais, mantivéronse as actividades que definen a Menela. As actividades na aula, as que se realizan no propio comedor como son o aperitivo e xantar, xunto ao obradoiro doméstico e de cociña, o taller de xardinería que se enriquece coas actividades no invernadoiro e xardín, secretaría e reciclado.

CLUBE DEPORTIVO MENELA

As actividades deportivas continuaron realizándose no Pavillón Municipal do Berbés (Educación Física) e no Pavillón Municipal das Travesas (Natación), instalacións cedidas polo Concello de Vigo.

En 2020 o Clube Deportivo Menela participou nos campionatos organizados a princípios de ano pola **FGDA**, **XXVI Campionato Galego de Campo a Través** e **Open Tenis de Mesa**, nos que participaron un total de 16 alumnos que gañaron 7 medallas. A partir do mes de marzo, a FGDA decide suspender as xornadas previstas ata final de 2020.

Este curso contamos ademais cun novo espazo. Fundación Menela alugou a Fundación Tutelar Galega para persoas con discapacidade intelectual “Sálvora”, unha casa de 150m2 situada a poucos metros do colexio que conta cunha finca de 848m 2. Poder contar con este novo espazo favoreceu o aumento de cultivos que ata agora realizabamos no invernadoiro, ampliar as actividades de cociña e disfrutar dunha nova experiência: a musicoterapia. Este espazo é coñecido polos nosos alumnos como “CASA ALCABRE”.

MUSICOTERAPIA

Destinatarios: todo o alumnado
Nº sesións/semanais: 9
Nº horas/semana: 4h.30min
Musicoterapeuta: Tania Justo Piano

As sesións están dirixidas pola musicoterapeuta, acompañadas e co axudadas polo docente. Nelas, búscase o ‘neno musical’; a capacidade de poder explorar e gozar da música e os instrumentos musicais de maneira espontánea. A base é a improvisación musical e o instinto natural que todo o mundo ten para responder os estímulos do son, un instinto que demostra que entendemos perfectamente a forma, estrutura e característica da linguaxe musical desde que nacemos de maneira innata. Empréganse patróns musicais como poden ser vocalizacións repetitivas, ritmos de golpeo, ecolalias... para desenvolver música a partir deles, así como a improvisación rítmica e a creación de percusións corporais. A sesión estrutúrase en tres tempos, canción de benvida, na que se da a benvida a todos e cada un dos participantes, a actividade musical e a canción de despedida.

Outro curso máis dedicamos un espazo e tempo no noso colexio á participación no **proxecto Voz Natura da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre e a Voz de Galicia.**

Esta 24ª edición, baixo o lema **Coidar o noso - entorno é – "O bo Camiño",** estivo adicada a fomentar actividades de proteción e recuperación da contorna natural do Camiño de Santiago.

Con este principio traballamos alumnos e equipo educativo, coordinados polas profesoras Susana Rodríguez Blanco, Vanesa Castro Filgueira e Lourdes Martín Lorenzo, tratando de inculcar o valor de respecto e coidado ao Medio que nos rodea, realizando actividades de acción directa sobre o medioambiente: protección e coidado de praias, consumo responsable, fomento do reciclaxe, redución, reutilización e tratamento de residuos, así como actividades de concienciación e sensibilización.

No último trimestre do ano, o equipo docente e alumnado do centro, estivo presente de maneira virtual en diferentes actividades de visibilización e sensibilización. Destaca a participación no vídeo conmemoriativo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade "Baixo o mesmo paraugas, este ano na casa", e a elaboración do documento audiovisual "A importância dunha Educación Especializada" con motivo do 25 Aniversario da Federación Autismo Galicia.

Atención a Adultos

O Centro de Día e Residencial Castro Navás é un servizo específico de apoio, configurado como dispositivo de atención integral, preventiva e habilitadora, destinado ao aloxamento temporal e permanente de persoas maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, especialmente con TEA, con necesidades de apoio extenso e xeneralizado e/ou en situación de dependencia.

Nado en 1993, ao longo destes anos consolídase unha estrutura organizativa baixo o lema **"a única inclusión posible non pode ser outra que a través do traballo"**, onde as actividades terapéuticas se articulan ao redor das áreas agropecuaria, conservas e marmeladas, elaboración de produtos de agasallo e lavandería industrial, que se complementan coas vinculadas á creación e expresión artística, promoción da saúde e atención sociosanitaria, tempo e espazos de lecer.

Un equipo interdisciplinar traballa seguindo o Plan de Atención Individualizado. O marco de actuación no proceso de atención e intervención toma como referencia o modelo de Calidade de Vida de Schalock e Verdugo, fundamentándose en procesos de planificación centrada na persoa e na definición do centro como lugar de vida e lugar de traballo, onde cada persoa desenvolve o seu proxecto vital.

DATOS RELEVANTES DESTE ANO 2020

Castro Navás conta cun **Contrato de Xestión de Servizo Público coa Consellería de Política Social** da Xunta de Galicia, con 60 prazas autorizadas en Centro de Día e 99 prazas, mais dúas prazas de enfermería, en Residencia. Ao peche do exercicio 2020 a ocupación é de **67 prazas**, 14 de Centro de Día e 53 en Residencia. Destas, 51 están dentro do Contrato coa Xunta de Galicia, 1 praza privada e 1 praza privada xestionada polo Servizo de Menores.

En 2020 prodúcese a baixa de dous usuarios con praza de atención residencial motivadas polas necesidades de atención a diferentes estados de saúde, con traslado a domicilio e a un centro de atención residencial específico, respectivamente. Neste periodo incorpóranse dous novos usuarios con praza de atención residencial. O seguimento do proceso de adaptación de ambos concluiu coa incorporación definitiva ao Centro.

Neste periodo incorporase a figura de **Responsable de Residencia de Fin de Semana**. Ao longo do 2020, a responsable do Servizo Residencial, Sonia Álvarez, liderou e acompañou as tres profesionais de atención directa quenes, comprometidas cos valores do Centro Castro Navás, incorpóranse a este novo posto de traballo no que rotan cada tres meses e que compaxinan, durante o tempo restante, co posto de atención directa. A finais de ano, prodúcese a baixa por excedencia voluntaria da logopeda e, un ano máis, reforzamos o equipo de profesionais do centro con 10 traballadores con diferentes perfis, ao amparo da subvencion de Programas de Cooperación da Xunta de Galicia.

Como quedou reflectido ao longo desta memoria o ano 2020 veu marcado pola crise provocada pola COVID-19. Neste contexto cabe destacar que as residencias foron especialmente castigadas pola pandemia, o que supuxo un esforzo para realizar unha nova organización de centro e manter máximas medidas de prevención.

A incerteza, a angustia, o estrés e os medos que acompañan esta situación desembocaron nun incremento dos procesos de baixas laborais por Incapacidade Temporal. Sen embargo os profesionais esforzáronse ao máximo para seguir acompañando e prestando os apoios necesarios en cada momento. Mención especial merece o seu traballo, grazas ao seu compromiso conseguimos que o virus non cruzase os muros de Castro Navás.

No mes de marzo suspéndense as actividades do **servizo de Centro de Día**. É a finais do mes de xullo cando, trala autorización da apertura, previa comunicación do Plan de Reactivación de Centro de Día enviado a Área Sanitaria de Vigo, a actividade no servizo retómase de forma progresiva. Desde este momento, os servizos de Centro de Día e Residencia permanecen separados.

Preservar a saúde dos nosos residentes implicou adoptar unha serie de medidas organizativas e de funcionamento no **Servizo de Residencia**. Reorganizanse os grupos de atención directa coa conseguinte modificación das relación dos usuarios cos profesionais de referencia, compañeiros e obradoiros de traballo; suspéndense as actividades na comunidade e as realizadas no centro con persoal externo (Música), así como as saídas a domicilios. Todo elo, suspouxo un cambio radical nas vidas de cada un dos residentes de Castro Navás. Merece destacar a capacidade de adaptación que demostraron.

Habilitáronse as “Casitas” para establecer zonas de illamento para o manexo de casos en supostos de sospeita ou infección activa. Ainda que non tivemos ningún caso positivo, si se activaron os protocolos de illamento en repetidas ocasións por sospeita, así como os cumprimentos de acceso á residencia. Desde marzo extremáronse as medidas preventivas de hixiene tanto de profesionais e usuarios, así como as diferentes estancias do centro.

Ao longo do ano elaboráronse diferentes documentos de traballo (Plan de Continxencia, Plan de Reactivación de Centros) que se foron adaptando as medidas específicas dictadas pola Consellería de Sanidade, Consellería de Política Social e Ministerio de Sanidade.

PROMOCIÓN DA SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

Neste período o coidado da saúde e o benestar físico e emocional ocupou un lugar estratéxico. Sinalar o traballo realizado desde a área de enfermería respecto ao control e seguimento do estado de saúde dos usuarios do centro, así como dos profesionais, vixianza activa de sintomas, técnicas de diagnose, implantación e seguimento de medidas de prevención e seguridade contra a COVID-19, e control documental .

Outros datos a destacar:

- Refórzase o equipo de traballo cunha terceira persoa a través dos Programas de Cooperación.
- Formamos aos profesionais de atención directa respecto as medidas de prevención a seguir.
- Articúlase unha estreita relación coa Área Sanitaria de Vigo para a consulta e resolución de dúbidas.
- Mantense comunicación fluida coa Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria de Política Social.
- Presentamos duas reclamacións en “Atención ao Paciente” do Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Incorpórase unha **psiquiatra de referencia do Servizo Galego de Saúde** con seguimento quincenal presencial e telefónico de forma permanente.

Servizos sanitarios e número de visitas realizadas en 2020:

Atención Primaria: 83 visitas

Consultas Presenciais: 61

Consultas Telefónicas: 22

Atención Especializada (Hospital): 26 visitas

Urxencias Hospitalarias: 18 visitas

Unidade de Saúde Mental: 144 visitas

Consultas Presenciais: 88

Consultas Telefónicas: 56

Odontoloxía (Unidade de Pacientes Especiais da USC): 6

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Esta área veu refozada a súa actividade a través do ***Obradoiro de Saúde*** a través do cal deseñáronse e desenvolvéronse actividades dirixidas ao uso da máscara cirúrxica, medidas de hixiene persoal (lavado de máns, tusir no cóbado), realización do probas (PCR, test de dobre banda), mantemento da distancia social.

En 2020 deuse continuidade ao programa ***Apoio psicolóxico na atención á saúde de persoas con TEA***, financiado pola Consellería de Sanidade con carácter bianual (2019-2020).

Este programa ven motivado polas maiores necesidades médicas das persoas con TEA con respecto ao resto da poboación, debido ás características particulares deste colectivo, que fan que o acceso aos servizos médicos moitas veces se converta nunha experiencia difícil.

Có apoio do **Concello de Nigrán** executouse o programa ***Vida Adulta e TEA*** a través do cal puidemos abordar a sintomatoloxía asociada as restriccións continuas de contacto social (anulación de visitas de familiares, amizades e saídas ao exterior), as cales poden supoñer a perda de ancoraxes afectivas e motivacións. A restricción do contacto social favorece a aparición de trastornos afectivos (ansiedade, distimia, depresión); desde a perspectiva funcional favorece o sedentarismo e, desde a perspectiva cognitiva e condutual, rompense as rutinas habituais podendo agravar as deterioracións cognitivas xa presentes e incrementando as alteracións condutuais.

Concello de Nigrán

O **envellecemento activo hoxe**, tamén é un reto e un desafío para o Centro Castro Navás. Non somos alleos á realidade plasmada por Autismo España no seu estudo “Envellecemento e TEA. *Unha etapa vital invisible*”. Nós tamén **nos atopamos** ante os primeiros casos de envellecemento, **somos coñecedores e vimos observando** como algúns dos nosos residentes experimentan cambios a nivel físico, emocional, cognitivo e social (que van xurdindo e evolucionando a medida que se incrementa a idade), pero non sabemos ben como os procesos de envellecemento interactúan coas manifestacións do propio TEA, e sobre o impacto que teñen na súa calidade de vida, así tamén, cales son os **sistemas de apoio** que teñen unha maior relevancia para favorecer o envellecemento activo, entre outros aspectos.

Para dar resposta a esta realidade desenvolvese o programa **“Prevención do envellecemento prematuro en persoas adultas con TEA”** no marco da convocatoria da Fundación Bancaria “La Caixa” Promoción da autonomía persoal e atención ao envellecemento, á discapacidade e a enfermidade 2020.

”la Caixa”

OBRADOIROS TERAPÉUTICOS

O desenvolvemento de competencias sociolaborais é posible gracias o labor que se desenvolve nos obradoiros terapéuticos, cada un deles coordinado por un profesional especializado na rama de traballo: ***agropecuaria***, cós traballos na horta, animais e xardinería, elaboración de ***produtos de agasallo*** con velas e xabróns, papel reciclado e tear, ***conservas e marmeladas*** e ***lavandería industrial***. Súmase o obradoiro de elaboración de tapas e o servizo de reparto.

Neste eido as estratexias formativas responden a un ***traballo en positivo,*** aos ***intereses e habilidades*** de cada persoa, apóianse en ***SAAC*** e nunha ***estruturación de tempos e tarefas*** fixa, á vez que flexible.

En marzo de 2020 suspéndense a actividade de conservas e marmeladas e de elaboración de produtos de agasallo, tapas e o servizo de reparto, manténdose as propias da área agropecuaria e lavandería industrial por considerarse esenciais.

FORMACIÓN PARA O EMPREGO

Adaptados a unha nova organización de centro, durante o cuarto trimestre do ano impulsamos o desenvolvemento de programas formativos orientados a adquisición de novas competencias sociolaborais e de autonomía persoal ao amparo de diferentes convocatorias:

SUMANDO CAPACIDADES I LAVANDERÍA INDUSTRIAL

En 2020 continúa Sumando Capacidades, un proxecto formativo para a **capacitación en operacións auxiliares de lavandería industrial**, no que participaron 8 persoas con TEA de idades comprendidas entre os 28 e 39 anos.

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

O programa incidiu en competencias para recepcionar, clasificar e preparar a roupa para a súa limpeza, realizar o lavado, secado, planchado e embolsado, baixo a supervisión dun responsable, para conseguir a producción coa calidade prevista, nos prazos estipulados e nas condicións medioambientais e de seguridade marcadas no PRL.

REFORZO DA EMPREGABILIDADE | FUNDACIÓN ONCE

En 2020 destaca a execución dos programas:

Impulsa tu Talento. Programa de Refuerzo de la Empleabilidad para personas con TEA

Programa Formativo: **Auxiliar de Cociña e Hostalaría**

Periodo de Execución: **Do 13/08/2020 ao 11/12/2020**

Horas Totais: **344 horas** (Formación Teórica: 203 e Formación Posto de Traballo: 141)

Beneficiarios: **5 persoas con TEA e discapacidade intelectual** asociada, 2 mulleres e 3 homes de idades comprendidas entre os 22 e 28 anos, con necesidades de apoio extensas e xeneralizadas.

Empresa para a realización de prácticas: **AUSOLÁN RCN**

Emprazamento: Centro Castro Navás

Convocatoria de axudas económicas para o reforzo da empregabilidade de persoas novas **"Uno a Uno" – POEJ – Ano 2020 da Fundación ONCE**, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020 cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

CapacitaTEA. Programa de Formación en Habilidades Sociolaborais para persoas con TEA

Programa Formativo: **Operacións básicas de pisos en aloxamentos**

Periodo de Execución: **Do 16/11/2020 ao 26/02/2021**

Horas Totais: **340 horas** (Intervención grupal e individual – por participante-: 255 e 85, respectivamente)

Beneficiarios: **4 persoas con TEA e discapacidade intelectual** asociada, 2 mulleres e 2 homes de idades comprendidas entre os 20 e 29 anos.

Emprazamento: Centro Castro Navás (Nigrán)

Convocatoria de axudas económicas a proxectos de reforzo da empregabilidade de persoas novas con **Discapacidade Psicosocial da Fundación ONCE** - Ano 2020, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil "Iniciativa de Emprego Xuvenil" cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro
UNIÓN EUROPEA

Fundación ONCE

Durante o 2020 tivo lugar **a séptima edición do *programa de Educación de Adultos con TEA*** en colaboración coa Asociación Nuevo Horizonte. O situación de emerxencia sanitaria veu condicionada a súa execución completa, quedando limitada a administración das seguintes enquisas nos meses de febreiro e outubro: Diagnostic behavioral assessment for autism spectrum disorders-revised (DiBAS-R); Escala de Diagnóstico de Trastornos del Espectro Autista para Adultos con Discapacidad Intelectual (ASD-DA); Escala de Bienestar de las Personas con Autismo; DEX; e a Escala de TINETTI. Nesta edición participaron 18 persoas do Centro Castro Navás.

CENTRO ESPAÑOL DEL AUTISMO

EMPREGO

En 2020 Iago Fernández renova o seu contrato de traballo coa empresa Ausolán RCDN durante o curso escolar 2020/2021. Nunha contorna de traballo accesible, dotado dun sistema de apoios especializados e individualizados que permiten a posta en práctica dos coñecementos técnicos para o desempeño laboral na cociña, Iago desenvolve o seu traballo cunha xornada de traballo a tempo parcial de luns a venres en horario de 12:30 a 15:30h. Esta actividade laboral se complementa coas tarefas de apoio en diferentes áreas do centro educativo de interese para él, como son o acompañamento en piscina e as tarefas de xardinería.

ausolan alprinsa

Outros Servizos da Rede Menela

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

Xestión do Coñecemento

Formación e Desenvolvemento

Acción Voluntaria

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

En Fundación Menela cremos que é importante escoitar aos nosos nenos e nenas, rapaces e adultos con TEA para comprendelos e axudalos, pero tamén, como parte esencial da intervención global, é importante escoitar as familias e as persoas que os acompañan ao longo das súas vidas. Desta convicción nacen os espazos de acollida, encontros con familias e reunións grupais onde poder compartir sentimentos e experiencias.

Por mor da COVID-19, todas estas dinámicas presenciais víronse restrinxidas e, as que se puideron manter, mudaron a un formato virtual. En 2020 **"Uso e abuso dos vidoxogos"** foi o tema do Encontro de Familias organizado polo SAI. Carmen Guimeráns Freijeiro, Psicóloga Clínica e directora da Unidade Asistencial de Alcoholismo, Tabaquismo e Xogo Patolóxico de Vigo "ASVIDAL", foi a encargada de abordar as ferramentas para manexar o abuso de videoxogos, xestionar o tempo de exposición, recoñecer unha adicción e recursos comunitarios para o seu tratamento. No mesmo participaron 16 familias do SAI.

Durante este ano suspendéronse as reunións individuais e grupais presenciais de seguimento coas familias nos diferentes servizos da Fundación.

DATOS RELEVANTES:



Apoio familiar durante a COVID-19

Ante a crise sanitaria motivada pola COVID-19, presentouse unha situación descoñecida e dificil para as persoas con Autismo e as súas familias. Por este motivo, desde todas as áreas de Fundación Menela, sumamos esforzos para traballar có obxectivo común de facilitarlles esta situación, tentando que o impacto fora o menor posible e mantendo os nosos apoios especializados.

Desde o mes de marzo e durante os periodos de confinamento a gran maioría dos rapaces e rapazas da Fundación Menela (SAI, Colexio Menela e Servizo de Centro de Día) pasaron a convivir as vintecatro horas coas súas familias. As familias tiveron que adaptar as súas rutinas á presencia dos seus fillos na casa, en horarios que habitualmente non compartían e tendo que planificar actividades para o día a día. Todo elo, sumado as súas obrigas laborais.

Desde os diferentes servizos da Fundación quixemos estar ao seu carón, acompañalos e facilitar esa convivencia, aportando pautas para afrontar a situación con persoas con TEA, información adaptada sobre a COVID-19 e medidas de prevención. Da mesma forma desenvolvéronse estratexias para continuar cos obxectivos contemplados nos plans de intervención individuais. Facilitáronse axendas semanais personalizables, propostas de diferentes actividades para facer na casa (Blog Menela) e adaptadas aos recursos dispoñibles. Famiilias e rapaces da Fundación animáronse a compartir actividades realizadas na casa có resto da comunidade.

Todas estas accións complementáronse con comunicacións regulares dos profesionais coas familias, a través de canáis máis tradicionais como o email ou teléfono (whasapp, videochamadas), encamiñadas a unha escoita activa para tratar de paliar a sobrecarga na que se viron expostos día a día.

A excepción a esta situación foron as persoas usuarias do Centro Residencial Castro Navás quenes, a diferencia do resto, viron restrinxidos todos os contactos coas súas familias e amizades. Ante esta situación, desde o Centro, garantizouse en todo momento a información ás familias sobre a situación xeral na residencia (medidas específicas en relación co réxime de visitas, saidas e diferentes aspectos organizativos) dictadas polas autoridades. Asemade, mantívose unha comunicación fluida para informar sobre o estado de saúde e emocional dos seu fillos e tutelados, e procuráronse videochamadas para transmitir tranquilidade e diminuir os estados de angustia das familias e residentes.



SATISFACCIÓN FAMILIAS DA FUNDACIÓN MENELA

As circunstancias extraordinarias do período 2020-2021 fixeron aconsellable modificar o modelo de preguntas, orientandoo a recompilar información en relación ao apoio percibido e satisfacción das familias durante a xestión da pandemia. Como novidade técnica, utilizouse a aplicación “Forms” de Office 36 da empresa Microsoft en lugar da plataforma web “Enquisa Facil” que viñamos utilizando nos últimos dous anos.

Como comentario inicial cabe salientar a baixada no número de enquisas recollidas sobre a poboación total de familias usuarias. Esta baixada se nota especialmente no servizo de Atención Temperá e SAI, aínda que afecta á totalidade de servizos. Como resultado, o 39% de respostas sobre o número de enquisas enviadas queda lonxe do 51% que nos establecéramos como obxectivo para 2021. Esta participación esta por debaixo do nivel acadado en 2020 (48,3%) o que pode ser atribuíble ás circunstancias especiais que aconteceron ao longo deste período.

Índice de Participación Enquisas Familias 2020



Resultados Clave

Servizo de Diagnóstico. Entre o 66-71% das familias que responden declaran estar “Moi satisfeitas” en todos os parámetros consultados. Están “Satisfeitas” entre o 26-34%, polo que o índice de satisfacción polo servizo recibido é moi elevado. A sinalar que o aspecto que menor número de satisfacción acada é o referido ás instalacións do Centro.

Servizo de Atención Temperá e SAI. O maior índice de satisfacción atopámolo na profesionalidade do persoal e na cuestión sobre si recomendaría o servizo a outra familia (84% “Si, sen dúbida” e 16% restante, “Problablemente, si”). No apartado do cumprimento das medidas COVID, o 64,5% declaran sentirse “Moi Satisfeitos”, mentres o 32,3% din estar “satisfeitos”.

Centro Educación MENELA. O nivel de satisfacción sobre a profesionalidade do equipo educativo é moi elevada, ao acadar un 80% de respostas “Moi Satisfeito”. Respecto á actuación do Centro durante o tempo que durou a pandemia, o 97% das familias responden con “Si” (unha resposta en branco) e no referente a satisfacción sobre os materiais didácticos postos a disposición do alumnado a satisfacción é do 93,3% (1 resposta “non” e 1 en branco). Por último, á pregunta de como valoraría a atención recibida durante os meses nos que non houbo clase presencial nas aulas, o 63,3% se declaran “Moi satisfeitos” e o 30% din estar “Satisfeitos”.

Centro de Día e Residencia Castro Navás. O resultado medio das cinco cuestións que se preguntaron en referencia á actuación durante a pandemia COVID amosan un nivel de aceptación moi elevado (puntuación media de 4,90 sobre un máximo de 5), destacando especialmente a percepción de seguridade da familia mentres o seu fillo estaba confinado no Centro (4,95 sobre 5) e a opinión sobre o cumprimento das medidas e protocolos sanitarios durante a pandemia (4,91 sobre 5)

PROGRAMAS DE FORTALECEMENTO E RESPIRO FAMILIAR

Os Programas de Fortalecemento e Respiro Familiar brindan ás familias e coidadores habituais un tempo para diminuír a carga física, psicolóxica e emocional asociada ás tarefas de coidado, ao tempo que proporcionan as persoas con TEA experiencias lúdicas, culturais e sociais adaptadas aos seus gustos, intereses e inquedanzas, para que poidan gozar dun tempo de lecer enriquecedor ao longo do seu ciclo vital.

Fundación Menela e as Asociacións de Familias da Rede Menela contaron, para a execución dos programas, cunha subvención destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, xestionada pola Consellería de Política Social.

53 DESTINTARIOS FINAIS

25 I APA CASTRO NAVÁS 16 I APA CENTRO MENELA 12 I FUNDACIÓN MENELA

A necesidade de manter as máximas medidas de control e prevención, así como seguir as indicacións establecidas pola Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social no contexto da situación epidemiolóxica ocasionada polo virus SARS-COV-2, reduciu a nivel de participación dos adultos en relación a anos anteriores, constituíndo un instrumento esencial para os alumnos do Centro Menela despois da vivencia do confinamento e suspensión das actividades lectivas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Xestión do Coñecemento

Fundación Menela é un referente na atención e intervención con persoas con TEA, motivo polo que participa na transmisión de coñecemento do TEA formando a profesionais de distintos sectores da contorna máis próxima e natural da persoa con Autismo. En 2020 foron os docentes vinculados ao sector educativo (Educación Intantil, Primaria e Secundaria) os principais destinatarios das accións formativas. O TEA, modelos de intervención, materiais adaptados e os niveis de apoios foron os principais contidos abordados e orientados á especialización en Autismo. Estas accións complementáronse coa formación no Mástere de Necesidades de Apoio Educativo da Universidade de Vigo.

Debido as circunstancias derivadas da suspensión de actividades lectivaspola COVID – 19 e a petición do equipos directivos dos centros educativos, as sesión formativas foron canceladas. No seu lugar o equipo responsable do programa formativo “COÑECE O TEA” elaborou un conxunto de vídeos divulgativos que se puxeron a disposición do público en xeral no canal youtube Fundación Menela.

9 I ACCIÓNS FORMATIVAS IMPARTIDAS

68 I HORAS DE FORMACIÓN

252 I PARTICIPANTES

No primeiro trimestre formáronse no CEE Menela en réxime de prácticas tres persoas procedentes do X Mástere en Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UVIGO) e unha do Curso de Especialización en Intervención con Persoas con TEA (Autismo Madrid e UNED). A situación de pandemia fixo inviable o desenvolvemento de prácticas presenciais no CEE Menela e Castro Navás.

Formación

Durante o ano 2020 levaronse a cabo na Fundación Menela un total de 26 accións formativas, das que 6 foron impartidas por persoal propio da entidade e o resto por entidades alleas a Fundación Menela. No seu conxunto, o número de profesionais participantes foi de **145** que recibiron formación por un total de **1.163 horas**, resultando que cada profesional dos Centros (excluido o persoal da Sede Central) recibiu unha media de 6,61 horas de formación. Neste ano a formación telemática adquiriu unha maior relevancia.

26 I ACCIÓNS FORMATIVAS

1.163 I HORAS DE FORMACIÓN

145 I PARTICIPANTES

Neste exercicio cabe destacar a nivel de desenvolvemento organizativo a formación da **figura de responsable de fin de semana do Centro Castro Navás** e a participación do equipo docente do Colexio Menela na formación SEMGal, **programa de Enriquecemento Escolar baseado no Modelo SEM** (Schoolwide Enrichment Model), adaptado a Galicia, que busca avanzar no proceso de inclusión educativa e mellora do rendemento académico do alumnado. Estas se complementaron cunha gran diversidade de accións formativas (ansiedade, emprego, funcións executivas, emocións e cognición social no TEA, sexualidade, metodoloxía TEACH) que contribúen a mellora das intervencións.

Foron 7 as accións formativas nas que se participaron para dar resposta as necesidades derivadas da pandemia. Aquí cabe recordar o enriquecedor encontro dixital có **Dr. Miguel Ángel Vázquez,** Presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, para compartir inquedanzas e boas prácticas na xestión de residencias en situación de crise.

Acción Voluntaria

Promoción do Voluntariado na Rede Menela

Fundación Menela está inscrita como **Entidade de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia** desde 2005. O voluntariado e a formación en prácticas sempre estivo presente na Rede Menela, realizando actividades de apoio na atención directa e acompañamento nas actividades de lecer e respiro familiar. Baixo a coordinación xeral da área psicosocial, a organización e xestión do programa de voluntariado recae nos responsables dos servizos aos que se adscriben.

A comenzos de ano o Colexio Menela foi convidado a participar nas Xornadas de Acción Social do Colexio Miralba - Jesuitinas de Vigo para presentar o Proxecto de Acción Social 2020-2021 aos alumnos de 4º da ESO, que son quenes elixen a entidade na que realizarán a súa labor de voluntariado.

Berta Meijide, profesora do Colexio Menela, foi a encargada de transmitir ao alumnado como son os nosos alumnos con TEA e a experiencia relacional que manteñen cos compañeiros que, actualmente, acuden ao noso Centro unha tarde á semana durante o curso escolar para compartir actividades de lecer.

No mes de marzo se suspenderon as actividades de voluntariado. O 4 de decembro, **Día do Voluntariado**, Autismo Galicia adicoulle a noticia do día a dito programa que, como defende o equipo docente, supón **UN CAMBIO DE MIRADA SOCIAL SOBRE O TEA**

Sensibilización Social e Visibilización

18 de febreiro, Día Internacional da Síndrome de Asperger

No Día da Síndrome de Asperger, Fundación Menela participou na inauguración oficial da mostra **UN DE CEN. COMPRENDENDO O ESPECTRO** organizada pola **Federación Autismo Galicia** na Sala de Exposicións da Sede Afundación de Vigo. Na creación das obras da mostra participaron un grupo amplo de rapaces e rapazas do Centro Educativo Menela e Centro Castro Navás, contribuindo así a derrubar mitos e achegarnos a unha maneira diferente de percibir o mundo. Orgullosos do traballo realizado, puideron ver recoñecido o traballo artístico realizado.

Neste día estivemos o pracer de contar coa presencia da **consellerira de Política Social, Fabiola García**, acompañada pola **delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Corina Porro**.

En representación do **Concello de Vigo** dedicounos unhas palabras o responsable da **Área de Educación, Gorka Gómez**.

Neste día Fundación Menela sumouse tamén a campaña **#HazEspacio** promovida pola **Confederación Autismo España** que puxo o foco no esforzo que fan as persoas con Síndrome de Asperxer por encaixar nas diferentes contornas sociais que non se adaptan as súas características e necesidades, véndose obrigadas a “perder” parte da súa propia personalidade. Representamos esta dificultade escribindo a palabra “Asperxer” con figuras humanas con posturas incómodas ou imposibles.

2 de abril. Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo

PODO APRENDER. PODO TRABALLAR

Este ano, como consecuencia do estado de alarma decretado polo Goberno, suspendéronse todos os eventos públicos presenciais que tiñamos previstos, como o entrañable acto institucional no Auditorio Municipal do Concello de Vigo e o acto conxunto na Rúa Príncipe da mesma cidade.

En coordinación e baixo as directrices de Autismo España e Autismo Europa, sumámonos a campaña de concienciación que puso o foco en dúas áreas fundamentais para a inclusión e mellora da calidade de vida do colectivo TEA: **educación e emprego**. De aquí o lema **"Podo Aprender. Podo Traballar"** e as acción que o acompañaron: encher as redes sociais de mensaxes e fotografías sostendo unha ferramenta ou obxecto, mostrando así que cada persoa é diferente e ten unhas determindas capacidades e habilidades.

O hastag **#DiaMundialAutismo**, volveu ser en 2020 trendic topic nas redes sociais.

Un ano máis, Fundación Menela sumouse tamén a iniciativa mundial **Light It Up Blue.** Na nosa zona de actuación os Concellos de Vigo, Nigrán, Baiona e Gondomar tinguiron na tarde do 2 de abril as Fontes da Rúa Aragón, e as casas consistoriais de Nigrán, Baiona e Gondomar. Nesta edición fiestras, balcóns e terrazas de particulares ilumináronse como mostra de solidaridade

No DMCA quixemos mostrar que cada persoa é diferente e que ten unhas determinadas fortalezas, ao tempo que sensibilizamos para que a sociedade sexa cada vez máis inclusiva e respectuosa coa diversidade.

> *Porque as persoas con TEA son membros de pleno dereito da sociedade, polo que deben ter as mesmas oportunidades para expresar o seu potencial tanto no ámbito da educación como no mundo laboral, grazas a contornas accesibles e apoios adecuados.*

A crise sanitaria obrigou tamén a centralizar case toda a atención do Día Mundial do Autismo nas demandas prioritarias para o colectivo neste momento: concienciación social, atención sanitaria e falta de recursos para a atención específica as persoas con TEA. Foron accións claves a consecución do dereito das persoas con Autismo a saír a rúa, naqueles casos nos que fora necesario e cumprindo as medidas de seguridade, así como a excepción á obrigatoriedade do uso de máscaras.

Día Internacional das Persoas con Discapacidade

BAIXO O MESMO PARAUGAS. GALIZA POLA DIVERSIDADE

O 3 de decembro celebramos o Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Este ano non puidemos saír as rúas pero neste día, as máis de 85 entidades sociais de toda Galicia que traballamos con persoas con discapacidade, unímonos ao carón da iniciativa "Baixo o mesmo paraugas" para promover unha maior comprensión dos dereitos das persoas con discapacidade, movilizar os apoios para a construcción dunha sociedade máis inclusiva e defender xuntas os dereitos de todas as persoas a ter unha vida feliz.

"Abrimos o noso paraugas pola riqueza dunha sociedade diversa" *e* ***"Abro o meu paraugas para que se escoite a miña voz"*** foron algunhas das frases que se gritaron desde Fundación Menela.

TALENTOS SEN LÍMITES!

No Día Internacional das Persoas con Discapacidade seguimos sumando para promover unha maior comprensión dos seus dereitos. Nesta edición, a través do grupo de traballo **Un Nigran Para Todos e ante a imposibilidade de repetir a gala presencial do ano pasado "Un Nigrán de Talentos"**, subimos videos as redes onde persoas con discapcidade amosaron os seus talentos, capacidades e habilidades có hastag #UnNigránDeTalentos.

Nesta ocasión foron **Alex e Adriana, alumnos do Colexio Menela,** quenes compartiron os seus talentos a través de dous vídeos representativos.

O talento de **Alex** co balón, que coordinación é precisión!
"Hoxe quero compartir con todos o meu talento có balón. Mirade o dominio que teño, todo coordinación e precisión!"

O talento de **Adriana**.
"O meu talento é crear debuxos a través de Paint, son moi creativa e teño a habilidade de mover fácilmente o ratón do ordenador dun lugar a outro e crear novas cores e formas. Este ano creei a miña propia páxina web camisetasdeadriana.com, un proxecto que chega coa miña maioría de idade e no que dou vida aos debuxos, plasmando as miñas creacións en diferentes soportes como son camisetas, tazas e alfombrillas que podedes comprar a través da web".

Comunicación e Difusión

Ferramentas de Comunicación

Páxina Web

En 2020, a web www.menela.gal rexistrou un total de **10.280 visitas**; 1.683 visitas foron usuarios novos.

Segundo os datos extraídos da páxina web da Fundación:

As ubicacións desde onde acceden a maior parte das persoas que visitan páxina web da Fundación Menela son da cidade de Vigo (32,61%) e Madrid (21,88%).

O video homenaxe a Remedios Parga García (1928-2020), os videos do blog Fundación Menela e as ofertas de emprego que se publican no apartado “Traballa en Menela”, son os contidos máis visitados polos seguidores da Fundación.



Idades e sexo das persoas que visitaron a web Menela







O **blog Fundación Menela**, creado polo equipo de formación da entidade, tivo un forte impulso neste ano. O equipo docente do Centro Educativo xenerou nos meses de marzo, abril e maio unha gran diversidade de contidos: exercicios físicos, tarefas do fogar, xestión de emocións, exercicios de relaxación, elaboración de máscaras, lavado correcto de máns, uso correcto de luvas, mensaxes de ánimo “Todo irá ben!”. **O blog obtivo un total de 742 visitas** en 2020.

Redes Sociais

Durante 2020, a nosa estratexia dixital seguiu proporcionando resultados satisfactorios.

Fundación Menela pechou o ano 2020 con **3,099 seguidores** (228 máis respecto ao ano 2019)
Neste periodo publicáronse un total de 123 posts, acadando un total de 11,905 “Me gusta”

Alcanzamos **750 seguidores** (276 máis respecto ao ano 2019)
123 foi o número de publicacións realizadas neste período

Marzo e abril foron os meses con maior actividade en redes socias, coincidindo có DMCA e coa publicación de contidos do blog (videos referidos á saúde, deporte, COVID, etc.)

Impacto en Medios

En 2020 seguimos traballando para manter unha relación constante e fluida cos medios de comunicación, dando a coñecer a Fundación Menela e xestionando todas as peticións de información e entrevistas solicitadas que, neste periodo, estiveron focalizadas en dar voz as persoas con TEA, as súas familias e profesionais para compartir o día a día durante a pandemia. Por outra banda, esta nova situación trouxo consigo una diminución de actividades no exterior e unha menor repercusión menor.

A continuación recóllense un resumo dos impactos en medios de comunicación:

Data	Medio	Tema
Día Síndrome de Asperxer		
18/02/2020	Atlántico Diario	Vigo acolleu os actos da Federación Autismo Galicia
19/02/2020	Faro de Vigo	Suplemento Campeones. Xadrez Menela. Un tableiro para encontrar a maxia
COVID-19		
02/02/2020	RTVE	La Mañana de TVE1. Contamos como é o día a día das persoas con TEA
28/02/2020	Europa Press	A outra cara do confinamento: “Teño que poñerlle un cartel ao meu fillo con autismo? Saír é necesidade, non privilexio
19/04/2020	Atlántico Diario	Alarma Autismo a tormenta perfecta
28/08/2020	Faro de Vigo	Outra volta ao cole con dúbidas
Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo		
02/04/2020	ValmiñorTV	Nigrán tínguese un ano máis de azul no Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo
02/04/2020	Cadena SER	Entrevista a Cipriano L. Jiménez polo Día Mundial do Autismo
02/04/2020	Cadena COPE	Entrevista a Cipriano L. Jiménez. Respecto e comprensión no Día Mundial do Autismo

12 CAMPEONES AJEDREZ FARO DE VIGO MIÉRCOLES, 19 DE FEBRERO DE 2020
TEXTOS: NATXO CABALEIRO; LINO BLANCO campeones.faro@epi.es resultados.campeones@epi.es

El equipo con su entrenador en la sede de la Fundación Menela. Marta G. Brea

Un tablero para encontrar la magia

La Fundación Menela de Vigo crea un equipo de ajedrez para facilitar los aspectos sociales, deportivos y de convivencia de un grupo de nueve jóvenes

"Es un proyecto ilusionante, con unos jóvenes que se han comprometido con el ajedrez. Los resultados son muy buenos". Son las palabras de Macarena Blanco, responsable del Servicio de Diagnóstico,Atención Temprana y Apoyo Integral de Fundación Menela.

La iniciativa deportiva, que se inició hace un año, cuenta con un equipo de nueve jóvenes con Síndrome de Asperger que todos los viernes por la tarde realizan sus entrenamientos. En la actualidad también participan en la Liga Local. Destacan por muchas cosas, sobre todo por su capacidad lógica y extraordinaria concentración. Delante de un tablero también se aprenden muchas más. Y esos detalles son los que cuida Fundación Menela, una entidad que gestiona servicios para contribuir a mejorar la calidad de vida de personas con Trastorno del Espectro del Autismo y sus familias, y en la que el deporte siempre ha estado presente a través del Club Deportivo Menela.

El ajedrez se ha convertido en un proyecto que ofrece una mirada cargada de optimismo, donde el aspecto social y de integración de los jóvenes es uno de sus objetivos. Así lo explica Macarena Blanco al desvelar que "se fomentan muchas virtudes. El respeto al rival, el poder competir y otros valores que debemos inculcar a los jóvenes, tanto en el aspecto cultural como personal y deportivo". Uno de los grandes pilares es que a todos les une una afición común, por lo que la pasión se ha convertido en uno de los argumentos principales de un equipo unido y con ganas de progresar.

